



"VIII Semana de Cine Espiritual de Galicia" (curso 2016/17)

Un curso escolar máis, Escolas Católicas de Galicia organiza, coa colaboración da Delegación de Infancia e Mocidade das Dioceses de Galicia e con BoscoVisión e ProduCinema, a **VIII Semana de Cine Espiritual**, co lema **"Di máis ben Creación"** (palabras de Antonio Gaudí a un colega cando estaba vendo a natureza na súa arquitectura da basílica da Sagrada Familia de Barcelona).

Como novidade, este ano propoñemos organizar esta actividade como un paquete que combine unha visita cultural e a sesión de cine. Para iso, engadimos ao final deste documento, algunhas propostas.

DÍAS DE PROXECCIÓN: no mes de **novembro de 2016**. Remitimos o calendario no documento adxunto.

SEDES DE PROXECCIÓN: **Santiago, A Coruña, Lugo, Ourense e Vigo.**

SESIÓN POLA MAÑÁ PARA COLEXIOS/IES:

Para os alumnos e alumnas:

- Fichas para traballar na aula, unha vez vista a película (**gratis**).
- Custo por alumno/a: **4 €** para **alumnos de colexios pertencentes a FEREGA** e **5 €** para **centros non-adscritos a FEREGA** (para os gastos: dereitos de exhibición, o local onde se proxecta, os da organización...)

Cada centro, para facer efectiva a inscrición e tras anotarse, terá que ingresar na conta de Escolas Católicas a cantidade correspondente ao número de alumnos que vaian asistir á proxección.

***NOTA:** A inscrición formalizarase no momento en que se reciba a ficha de inscrición e mais o xustificante bancario de pagamento. **No caso de que o número de alumnos asistentes sexa inferior ao das inscricións, non se devolverá a cantidade abonada.**

Número conta: Banco Santander. ES 39 003063163200000 62 271

Para os profesores:

- Remitimos un tráiler vídeo-presentación de cada película, así como unhas pautas para traballar a ficha que se lles dará aos alumnos/as.

PELÍCULAS QUE SE OFRECEN POR NIVEIS E ETAPAS EDUCATIVAS:

- **Para ESO /Bacharelato /Módulos:** *Little Boy* (2015) de Alejandro Monteverde

O marco da historia que conta esta película, de inspiración cristiá, permite abordar temas espirituais valiosos, como as obras de misericordia e a esperanza fronte ao odio e a violencia.

- **Para 3º, 4º, 5º e 6º de Educación Primaria:** *Atrapa la Bandera* (2015) de Enrique Gato. Animación española gañadora do Premio ao Cine e Educación en valores. As dificultades e obstáculos pódense superar desde a cooperación con esforzo perseverante, a sinxeleza humilde de deixarse axudar polos máis maiores (unha valoración grande da familia, representada polo vello astronauta e a coraxe para non desfalecer. A fe na familia.

SESIÓN DE PORTAS ABERTAS PARA VISIONAR *Resucitado*:

Nas cidades de Santiago, Vigo e Ourense terá lugar unha sesión de portas abertas na que se poderá ver a película *Resucitado*, de Kevin Reynolds.



VÍDEOS DE PRESENTACIÓN

Os vídeos de presentación dos filmes subiranse, próximamente, á canle de Boscovisión en youtube.

PRAZO INSCRIPCIÓN: A ficha de inscrición vai en documento adxunto. O prazo remata para inscribirse remata o día **25 de outubro**.

VISITAS CULTURAI PROPOSTAS

Nesta edición de cine espiritual propoñemos, ademais do visionado das películas, aproveitar a xornada para realizar algunha visita cultural. Estas son algunhas ideas:

→ SANTIAGO

MUSEO DE TERRA SANTA. VISITAS GUIADAS.

Enderezo e teléfono: Convento de San Francisco, Santiago de Compostela, 15704

981 581 600

E-mail: museots@ofmsantiago.com

Prezo: 3 €. Estudantes e xubilados: 2 €. Grupos escolares: 1 €. Menores de 14 anos: Gratis

Horario:

10:30 h -13:30 h , 16:00 h - 19:00 h.

→ LUGO. VISITA ÁS TERMAS ROMANAS

Enderezo:

Camíño do Balneario, s/n. 27004

Teléfono: +34 982221228

Horarios: de luns a domingo: de 12.00 h a 13.30 h e de 16.00 h a 18.00 h

Visitas para grupos de 15 a 20 persoas, previa cita concertada chamando ao teléfono

982 23 13 61

Prezo da entrada: gratuíta

→ A CORUÑA. Visita Planetario

Planetario: Parque Santa Margarita, s/n. 15005 A Coruña.

2 euros.

Horario: de luns a venres de 10.00 ha a 19.00 h

Teléfono: 981 18 98 44

→ VIGO. Visita á zona vella, porto e PEDRA.

Outras opcións:

Visita ao MUSEO DO MAR.

Enderezo: Avda. da Atlántida, 160, 36208 Vigo

Horario: 10.00 h – 14.00 e de 17.00 h a 19:00 h

Teléfono: 986 24 77 50

Prezo: Xeral: 3 euros; xeral reducido 1, 50 (estudantes, xubilados, parados, grupos de máis de 10 persoas, menores de 18 anos).

Menores de 8 anos e grupos de colexio: gratis

Acuario: 2 euros; acuario reducido: 1 euro, estaudantes, xubilados, parados grupos de máis de 10 persoas, menores de 18 anos.

Exposicións temporais: 2 euros

Visita ao MARCO (Museo de arte contemporánea)

Enderezo:

Rúa do Príncipe, 54, 36202. Vigo

Teléfono: 986 11 39 00

Horarios: 11.00 h -14.30 H; 17.00 h – 21.00 h

Prezo da entrada: gratuíta.

→ **OURENSE. Visita á CATEDRAL**

Enderezo: Praza do Trigo,

Teléfono: 982 22 09 92; 988 36 60 64